

MARÍA DE LEMA 3/4



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

NOME DO DOCUMENTO: MPG_GaRo_0007_003_en_0_25_35_id3675_D
AUDIO DE REFERENCIA: MPG_GaRo_0007_003_en_0_25_35_id3675.mp3

TIPO DE DOCUMENTO: Entrevista. Parte 3/4

MATERIAL DISPOÑIBLE: Audio mp3 e ficha de contexto e transcripción

DURACIÓN: 23' 14"

DATA DA RECOLLIDA: Xoves, 23 de xullo de 1998, pola tarde

LOCALIZACIÓN: Casa da informante

Lugar/ aldea/ barrio: Bretal
Parroquia: Olveira (Santa María)
Concello: Ribeira
Provincia: A Coruña

- **INFORMANTE**

Nome: María de Lema
Data de nacemento: 1952 (46 anos)
Lugar de nacemento: Parroquia de Olveira

- **RECOLLEDOR/A:** Rosa García-Orellán
- **COMPILADORA:** Rosa García-Orellán
- **COLECCIÓN:** Rosa García-Orellán

NOTA DOS EDITORES

A presente entrevista forma parte das efectuadas pola antropóloga Dra. Rosa García Orellán como parte do traballo de campo da súa tese de doutoramento. As entrevistas foron estudadas e empregadas na elaboración de dito traballo pero este material pode ser analizado en moitos outros contextos. A Dra. García Orellán cedeu as súas gravacións orixinais en casete e as transcripcións que ela mesma fixera do seu contido ao APOI para que poidan ser compartidas con outras persoas interesadas.

Audio de procedencia: MPG_GaRo_0007_003_en_0_25_35_id3675.mp3

TEMÁTICA DA ENTREVISTA

Conversa cunha muller que fala de asuntos diversos, destacando cuestións como a morte, os ofrecementos a santos, a súa boa relación co seu sogro, os traballos da muller como ama de casa, o coidado dos maiores, as actividades fóra da casa e o coidado que debe ter a muller da súa boa fama.

- Parte 1 (MPG_GaRo_0007_002_en_0_07_16_id3673)
De velorios na casa aos tanatorios. Diálogo cos defuntos.
- Parte 2 (MPG_GaRo_0007_002_en_0_07_16_id3674)
O casamento, a organización interxeracional da casa. O defunto da casa para interceder polo neto. A casa.
- Parte 3 (MPG_GaRo_0007_003_en_0_25_35_id3675)
A noite, o medo. A Santa Compañía.
- Parte 4 (MPG_GaRo_0007_004_en_0_48_38_id3676)
As portas da casa abertas no velorio e contar a vida do defunto. Quitar o aire.

CONTEXTO DA ENTREVISTA

Nota da autora da recolla: Onte, 23 de xullo de 1998, fomos á mañá miña nai e máis eu á casa de María de Lema para falar con ela, xa que ma recomendou miña prima D. Alí estiveron falando miña nai e súa nai, e quedamos en que iríamos á tarde. Ás catro e media da tarde alí estábamos, e recíbenos. É unha muller de estatura baixa, moi dinámica e rápida de pensamento; eu non a coñecía, pero ela a min sí, e acordábase de cando eu estivera na escola aquí na aldea.

NOTAS SOBRE A TRANSCRICIÓN DO TEXTO

A transcripción foi realizada pola compiladora e revisada polo persoal do APOI. Respectouse a pronuncia da persoa e as palabras e expresións coloquiais transcribíronse tal e como foron ditas.

BIBLIOGRAFÍA CONSULTADA

GARCÍA ORELLÁN, Rosa (2001): *Hacia el encuentro de mi antropos: la muerte dinamó estructural de la vida*. Bilbao. Ed. Universidad del País Vasco

PALABRAS CHAVE

Medo, ama de casa , xénero , luces , visión , catequista , Santa Compañía



TRANSCRICIÓN

A NOITE, O MEDO. A SANTA COMPAÑA

Vén de MPG_GaRo_0007_002_en_0_07_16_id3674

Rosa García-Orellán: Ti nunca *tuveste* medo a andar de noite?

María de Lema: Na miña vida.

R.: Tu de noite non tes medo cando camiñas pola aldea?

M.: Para nada.

R.: Ti algunha vez *viviste* na cidá?

M.: *No, no.*

R.: Sempre aquí. E ti nunca tes medo a andar por aquí, nunca?

R.: Ti de noite non tes medo cando camiñas pola aldea?

M.: Pa nada. Nunca e menos pesando nos mortos. Porque ese é o medo que lle teñen, miña nai, por *exemplo*, pois ten medo, pois non sei porque, *si* eles non che van facer *daño*; porque eu penso: *si* me quixeron aquí porqué me teñen que facer *daño* despois; non sei por que pasou aquel día; eu viña, *salín* da casa da miña amigha e crucín un cachiño da aldea que hai que é moi pouco que hai *hasta* chegar á *carretera*, e de pronto vin unha luz diante de min, pero touche falando de que hai luces, eh.

R.: Pero *eso* cando foi? Hai moito tempo?

M.: *Noo, eso...* xa hai doce anos; *entonces* facera..., non sei si había dous anos que morrera.

R.: Cando morrera o teu sogro, non?

M.: Penso que había dous anos que morrera.

R.: E había luces na...?

M.: Si, si.

R.: E con luces viste...?

M.: Si, si, no chan.

R.: Ah, no chan?

Audio de procedencia: MPG_GaRo_0007_003_en_0_25_35_id3675.mp3

M.: Si.

R.: E como era a luz, como dunha *vela*?

M.: *No*, máis, máis, era unha luz así como... como si de pronto se *encendera* unha *bombilla*. E eu cheghín á casa de...

R.: E a luz camiñaba?

M.: Si, si, camiñaba, *hasta* aquí abaixo.

R: E ti, tiñas medo?

M.: *No*, nada, nada.

R.: E que *pensaste* cando viste a luz?

M.: Cando vin a luz pensei que a luz, que a luz se... non viría diante de min senón que hai outro cruce pa Canceiros, hai outro cruce, que xa marcharía no cruce, ou que subiría a outra casa, ou que sería un bicho que *tuvera* algo de lume, ou eu que sei; de principio eu *iba* tan campante pola aldea pero dixen eu, eu alí non tiña medo a ninguén. E meus pais aínda están. Non sei por que aquel día papá e máis mamá estaban na porta da casa cun medo de que eu non cheghara, eles taban na porta da casa. Eu andaba apurada, porque eu son de andar apurada xa, esa é a miña maneira de andar, non sei si é pois desde que *tuven* os *críos* que sempre *tuven* que andar..., pero esa é a miña maneira de andar, andar apurada e eu vía, diante de min, queres saber, que eu andaba e ela tiña unha distancia miña, se *esto* ten catro metros, pois unha distancia como *si* por *ejemplo* *tuvera* seis metros, como de aquí ao *pasillo* de *adentro*; eu máis contenta mirándoa, eu non pensín en nada, en nada, pa nada; touche falando de... as doce da noite ou así, unha noite clariña; unha noite con *luna*.

R.: E todo cheo de luces na aldea, *alumbrado* eléctrico?

M.: Si. Era máis malo que este porque estaba...

R.: É que a xente di, *ahora* xa non se ve as luces das almas porque como hai *alumbrado* xa non se ve, pero polo visto incluso con *alumbrado* podes...

M.: Había menos que este *alumbrado*, por *ejemplo* había máis... con máis metros de distancia. Un primeiro que puxeron que cando pónense as cousas pónense mal, agora puxérono ben, moi ben, , pero había así menos luces. Pero había luces, e á noite, a noite era unha noite de *otoño* bonita, non tiña problema ningún, eu toda contenta, cas miñas mans na chaqueta, pero sorpresa miña, que foi que chegar aí ao portal da veciña esta de Esther, pois eu ben pensei que ao vir así diante de min que seghía pao meu portal, pero claro, viña eu *sola* contenta e quedei eu mirando non?, eu andaba e...

R.: Pero non tiña *sonido* ou tiña...?

M.: Para nada, *solamente* se oían os meus pasos, trac, trac, trac... miña maneira de andar, sempre que *salgo* de casa para *salir* a aldea, sempre *salgo* de zapatos, sempre vou *arreglada* anque *sea* alí á aldea; pero non, non facía nada, ela viña como acompañándome a min. Pero a sorpresa miña foi cando cheghín ao portal de Esther; a luz *sigheu* por detrás; e a o chegar a noso portal, dixo, anda, anda pois fóiseme a luz. Eu sola. E *entonses* chegho e papá e mamá aí na porta a non me atopar. E digho eu, estes viron a luz: “E lo vós por que estades na porta?”, “Home porque mira desta hora xa mandei a teu pai que che fora a buscar, porque pa *eso* vas pola mediodía e ves *unque sea* á noite, pero non me veñas desta hora que despois son as dose da noite e mira de que hora.”, “E vos! E non *cenastes?*”, “Si, que nós cenamos e non nos prestou.” Porque empezaron con medo. “E por que non vós prestou? Pois entrade para *adentro* que lle vou contar un conto.”, “Si, contos si, ti *eres*, sempre de lerias, sempre ca túa cousa de rir, pero nós non estabamos contentos.”, “Mamá, teño que dicir que tiña trinta e non sei... mamá, xa non teño dez anos, xa teño trinta e non sei que anos, non fagas caso que a min xa ninguén me viola, eu así, cas miñas cousas, sentádevos!” Sentámonos aquí, porque alí antes era a sala é ao revés de *ahora*, era a sala e aquí era a cocíña, e explíqueille o caso [non se entende]. Pero venlle á mente de contado meu sogro, eh. Pero polo aire.

R.: E a ti non?

M.: *No*. Despois penseino.

R.: E sin embargo os teus pais estaban *inquietos*?

M.: *Inquietos*, pero unha cousa como *si* eu nunca fora... e eu si vou moitas veces alá e vou, bastante tarde para non... que a miña amigha non deixe de traballar, porque xa sei que deixa por min, pero e logo despois poñémonos de... chá eu *si* vou a *calquer* parte, *suelo* deixar a *cena* preparada, pa que *si* eu tardo, non teñen por que pasar *sin* cenar por culpa miña. Ese é costume meu xa. E miña nai xa dixo: como *ibas* de ter medo muller?, como *ibas* de ter medo, se viña teu sogro contigo? Pois *menuda* risa me pegou a min, [non se entende], pois moi ben feito por el, así me gusta, *si* me quixo tanto de vivo porque non me ha querer de morto. Pois, si era el mellor que mellor, *alabado sea Dios*.

R.: E nunca máis *tuviste* máis cousas?

M.: *Jamás*, e vin unha vez *sola, sola*, eh. Desde Tal á miña casa, que viñamos miña soghra e máis eu de un *velatorio* de aí dunha cuñada dela [non se entende] máis medo ca min, e ao chegar á súa casa... eu vin *sola* ás catro da mañá pa miña casa. Non me acordou nin meu sogro, nin me acordou nin ti, nin os mortos nin nada, simplemente tiña medo a que *salira* algún *borracho* de aí do bar e me *fastidiara* a vida.

R.: *Ibas* un pouco *inquieta* por si *salía* algún *borracho*, non?

M.: Si, *eso si, eso* vou sempre, porque *sale* así unha *persona* que che queira facer *daño*, entendes? Eu sempre teño... son unha *persona* casada e que dirá a xente; pensará que eu que... que veño adrede..., entendes? Que pasa *calquer* cousa e teño o meu home no mar, e teño os meus fillos, e eu polos meus fillos, sempre o *digho*, deixaría a vida en *calquer* parte, porque eles non teñen

porque ter unha nai tonta nin que falen de súa nai que... pos *pudo* ser ela que ese home... *Eso* si que teño eu... teño medo *deso*, que igual vaia a *calquer* parte ou que veña de noite e que calquera por *calquer* cousa me fagha *daño* a min, e que non culpen a esa *persona*, que me culpen a min, [non se entende] porque é a palabra dese señor contra a miña; *eso* si que teño medo, a que me pase a min algo pero con vivos.

R.: *Entonces* ti cando andas pola aldea *sola* de noite, si que tes algo de respecto aos vivos.

M.: Aos vivos si, e ademais non pensando na miña *persona*, na vida dos meus fillos e dese home que anda sempre polo mar adiante pa que a min non me falte de nada nin lle falte aos seus fillos; porque el o que quere é que non lle falte de nada a eles, *estudios*, e o que máis queiran eles, e a min que non me falte de nada, que non *quer* el, non *quer* el que me falte... *entonces* eu non teño dereito a que me pase a min..., *aunque* non *sea* culpa miña. Porque nese caso non é culpa miña. Si que teño un pouco de respecto e ás horas que salgo nese sentido.

R.: Se encontras con algún home, non?

M.: Si, unha *persona* que... por *calquer* cousa, eu que sei, por *envidia* de que me viva ben no matrimonio, dentro da miña familia ou... porque hai de todo; aquí *conocémonos* todos, eu non sei na *ciudad* o que vos pasa, nin o que non vos pasa, non vos *conoces*. Porque eu recórdome de ir a San Sebastián ao piso de meu irmán, e *ibamos* xuntos no ascensor, un paraba nun *lao* o outro paraba noutro e eu lle dicía: “Pero e logo non lle falastes a esta xente, *dónde* vive?”, “Si, vive aquí en el *primero*, si vive aquí en el *tercero*.”, “E vos que vivides no quinto, e non podedes falar.”, “Y *vas a hablar con todo el mundo, María?*”. Entendes, eu xa quería falar, pero aquí... aquí non é así, aquí igual que che *conoso* eu a ti, como non hei de *conocer* á xente que nos *conocemos* todos.

R.: O que pasa é que aquí *conocéndoos* todos...

M.: E eu creo que na parroquia, eu creo que na parroquia, me parece, que non habrá casa que non me conoza a min; a min dáme si, porque ademais e... son unha *persona* como máis activa que moitas mulleres, nacíu un pouco máis rebelde creo eu, eh; porque xa non é *eso* de pensar... eu nunca pensei de que porque este casada teño que quedar na casa esperando a que os outros me dighan, me manden. Eu dentro do meu, eu pensei que tiña que ter unha *libertá*. Por *eso* son a presidenta de amas de casa e por *eso* fun presidenta da comisión de festas, e por *eso*, cando hai asuntos *sociales* que me chaman a min pa que... pedir por *ejemplo* chamáronme o outro día que vamos facer campaña pa pedir *pa os ancianos* de Cuba; eu estou aí, eu quero ser alghén, non quero ser *solamente* saber *limpiar* unha casa, facer unha tarteira de comida, ou crialos fillos, porque xa que non *puden*... xa que non *puden* ter unha cultura, un *estudio*, que me facía falta. Sempre me din “pa que o *ques?*” Queríao, cando *tuvera por exemplo* o *bachiller*, namais que fora o *bachiller*, entendes?

Cantas veces me quixeron *nombrar*... e moitas veces desde o *ayuntamiento concejal* de Oliveira, pero son cousas que eu non podo estar deixando a casa, porque teño a miña familia. A semana pasada viéronme a buscar pa ser representante de *Ocaso*, ser unha *agente* de *Ocaso* e eu síntome *alaghada*, porque penso que unha *persona sin nada*, *sin namáis* que con EGB podía

desarrollar un traballo pos alghén che *de* algo que tes algo, algo es aí. Eu por esa parte sempre fun moi rebelde. O *sea*, que eu sempre lle dixeran ao meu home cando me casei: podes prohibirme de ir á discoteca, podes prohibirme de ir...eu que sei, de ir ás excursións, o que non me prohibas é nunca de falar, porque no vas a conseguir, e non me prohibas os meus amigos, que a min me parecen que son bos porque non o vas a conseguir. O *sea*... El xa... el era como máis reservado, porque *bueno*, tamén viña dunha casa máis reservada, o que falaban na casa que non *salira* nin á *carretera*. A min si me doe un pé pois digo que me doe un pé e punto, porque o que me doe a min pódelle doer a calquera, o *sea* que non penso que *sea secreto* ningún, eu se podo axudar e *si* me doe o pé e o outro probablemente se queixe. Eu podo axudarlle a que esa señora vaia a tal médico porque a min non me foi bo, ou porque aquela *persona*... *entonces* claro eu non sou capaz de calar. Eu *prefiero* que... eu quero valer para algo, e *si* eu valo e se eu podo... pois se me chaman: María un favor que me podes facer... se o podo facer eu aquel día, eu aquel día son a máis feliz do mundo porque eu *puden* facer esa obra.

Entonces claro, non quero tampouco ser aquí un mueble, porque as amas da casa, ademais que nas estadísticas non sei si o oírás, porque ao mellor tes o traballo e non oes tanto a televisión, cousa que tampouco eu vexo televisión porque ademais non me gusta a televisión, simplemente oio, escoito, unha vez cada día vexo o *telediario* das tres e de aí non hai máis nada, éme igual que cante Ana Kiro, como que veña aquí a *sarandonga* como que vaia o outro; unha vez que chega a miña hora que son a primeira que vai pa cama, dama ighual que eles queden aquí. Pero... as amas de casa, as estadísticas aí están, son as *personas* que máis depresións teñen e as máis borrachas. E *eso* a min cáeme mal, porque sei que pode ser, non é que eu digha: é mentira. Unha entrevista que me fixeron para a televisión de Ghalisia, dixeran que era posible, porque *semejante* aburrimiento que ás veces tes *encima* túa que é posible que colla unha copa un día, e ao outro día volvan a repetir a copa, e seghinte día xa teña que tomar dúas. Que na miña *persona* penso que *jamás* faría *eso*, porque teño por quen vivir, eu quero que o meu home entre pola porta, que me encontre guapa, que me encontre ben, e que os meus fillos... Pero hai *personas* pois que non son capaces de levar *esto* así, este aburrimiento tan grande de ama de casa e non me *estraña* nada, non me *estraña* nada de nada. E dixerónme como que... *si* ti non ques ser. Eu non quero ser, pero porque eu penso nos demais sempre, non penso na miña *persona* na *comodidad*? de ter unha copa, pero eu penso en cando entren os meus fillos que eu estea aí, e cando veña o meu marido, que eu estea co meu *pelo teñido*, non *blanco*. E unha *persona* que bebe, non poder telo *pelo teñido*, así que despois xa non é ela. Pero eu doulle a razón porque a vida da ama de casa é moi dura, e todo... e sempre, e cando hai vacacións pa os demais *eres* a que máis traballas.

Eu desde os catorce anos son catequista, e por que no había deixar eu *ahora*? Eu sempre lle dixeran ao cura que non deixaba a carga dos meus fillos a ninguén; parecíame unha tontería... parecíame... *bueno*, levo os meus á *ghuardería* e que mos coiden e eu na casa, *no*. Eu *no*, eu sempre dixeran que si, que cando me chamou da seghunda... primeiro fun de catorce anos *hasta* que me casei; despois houbo unha época que non, non sei que pasaba aí, *bueno*, serían cousas da *Iglesia*... e a segunda etapa de catecismo, ou eu non tiña ao meu neno ou é que se eu tiña... pero *touche* falando xa de dezaioito anos e volveume a chamar outra vez.

R.: E *sigues* de catequista?

M.: Porque é a miña maneira de que *mentras* estou preparando a *catequesis* e non penso noutra cousa e non saco nada aos meus pais, nin saco nada á casa, nin saco nada ao meu home, nin aos meus fillos, pero eu xa estou aí, entendes? *Entonces* dixeran que si. Eu xa sempre lle dixeran a Don Francisco, si, terá catequista hasta que eu non teña rapaces dentro eh, porque logho despois as outras que aturen aos seus. *Entonces* claro, despois xa era a palabra del contra a miña, porque despois xa dixo... pedíame por favor que seghira porque quen lle preparaba as primeiras comunións? Eu xa non me acordo os rapaces que eu levo preparado para a primeira comunión, para a primeira comunión preparo eu, que é un dos cursos máis malos de preparar, porque é cando tes que *enseñarlle* aos rapaces pa que vale.

R.: Sodes moitas catequistas aquí na parroquia?

M.: Si, non sei o que... ao mellor quince, dezeseis... ou máis

R.: Cantos rapaces tedes?

M.: Temos nove rapaces cada unha, de nove a des. Este ano tocáronme nove, o ano pasado tocáronme des.

R.: Este ano fixeron nove a comunión?

M.: *No*, desaoito, *tuvemos* que repartir.

R.: *Esto* colle Oliveira, a parroquia enteira, claro, Bretal, Sirves...

M.: Espiñerido, Sirves, Casanades. Eramos, cando eu fun a presidenta da comisión de festas de Oliveira, eramos 304 casas.

R.: 304 casas a parroquia?

M.: Porque *ahora* ten que ser polo menos... temos que ser polo menos unhas dez máis ou así porque a parroquia vai aumentando; ti cando eras nena *haste* de acordar que poucas casas había aí por xunto túa.

R.: Si, si... eu recordo claro.

M.: E, cando nós víñamos pa aquí pa abaixo, que hai vinte e sete anos, vinte e seis anos, aquí eramos dúas casas.

R.: Porque esta zona é Reiriz, non?

M.: Nós estamos en Bretal.

R.: *Todavía* estades en Bretal?



M.: Si, a nosa casa divide Bretal e a *carretera* é a que divide a parte de Reiriz. Esa casa de *frente* de aí de *lado*, por *ejemplo*...

R.: Eu tamén teño familia en Reiriz.

M.: Si?

R.: Porque a miña avoa, que é da casa de Pérez, a casa de Pérez *saleu* tamén de Reiriz, o *sea* que estamos aquí, aquí estamos todos...

M.: Si, pode ser, tamén meu *abuelo saleu* de aí. Meu *abuelo* de... o pai de meu pai.

R.: A casa de Vilas, desa casa *saleu* o meu bisavó pero de Pérez, eh.

M.: Si, si, si... así eles tamén se *apellidan*. Tamén teñen ese *apellido*.

R.: Teñen tamén?

M.: Si.

R.: Ah, pos estamos... *amos* emparentados.

M.: Eses teñen o *apellido*.

R.: Si, si.

M.: Ademais unha *ghran* xente. Unhas grandes *personas*, todas moi legais, polo menos para min, con José todos os días falando, así se compón a vida das *personas*.

A SANTA COMPAÑA

R.: Ti crees o da Santa Compañía?

M.: Non sei.

R.: Ti cando eras pequena, oías os contos do pé do lume, *verdá* ?; eu tamén os oín na casa de Pérez.

M.: *Mimá*, non digamos a meus *abuelos* porque meus *abuelos* vían *mogollón* e sabían *mogollón*...

R.: Teus *abuelos* viron a Santa Compañía?

M.: Meus *abuelos* decían que a vían. E logho que... que un día, un día que *iban*... non sei si era meu *abuelo*. Un día que *iba* andando por unha corredoira e había como unha parte máis baixa e unha parte máis alta, e el que colleu que *suben* pola parte mais alta, e ao outro lado da corredoira que había como unha braña, unha braña de herba, e que o collera polo aire, e que o botou á braña.

R.: Á braña?



M.: El que a *vela*, non lla deron.

R.: Non lle deron a *facha*?

M.: A facha. Non, é que *si* lle deban a facha, mala cousa tiñan que ir sempre con ela. *Decíalle* eu: [non se entende], “Vai por favor, que facha nin que facha, aí si, e despois si non sei canto tempo tiña que andar eu con ela, *bast*a que lla *tuvera* que dar a outro.” *Riamonos* unha pasada, porque eles contábano con tanto aquel.

R.: Eles o vivían.

M.: Claro, e meu sogro tamén o dicía, meu soghro tamén sempre dicía o *mis*mo, que cando vía que viña de por aí, das mozas, que vía o resplandor, que vía uns resplandores grandes, e tiñanse que apartar porque alí *iba* a Santa Compañía, por *si* acaso había que ter moito coidado. Daquela era maior e eu dicía: *bueno, bueno, deixate* de *fantasmadas* e máis realidades. “Aí, non mo crees?; e ti non vaías de noite, eh!, ti non vaías de noite que mira que non quero bromas.” E despois non vexas ti, tan pronto estaba na casa del e era así... había día... desfilaba.

R.: Pero el vía de noite, pero tamén había quen vía a Santa Compañía de día, o meu bisavó vía de día.

M.: De día tamén, non?

R.: Si, si.

M.: El sempre de noite.

Segue en MPG_GaRo_0007_004_en_0_48_38_id3676